

Carta aos lectores

O recente protagonismo económico de Asia non ofrece dúbidas e indica unha clara tendencia de ascenso da rexión no seu conxunto no presente século. **Luciano Damián Bolinaga** ofrece neste número evidencias palpables e cuantificables que argumentan o traslado do epicentro económico mundial para a rexión de Asia-Pacífico. No político, tamén se están rexistrando mudanzas e acomodamentos importantes, con procesos complexos e non exentos de tensión. Na véspera dos Xogos Olímpicos, o estoupido da crise tibetana xustifica unha primeira aproximación que efectuamos da man de **Mara Lisa Arizaga**, cun texto contextualizador sobre a importancia das nacionalidades minoritarias na estabilidade política do xigante oriental, e outro de **Roger Casas**, que aprofunda nunha peculiar visión do problema relixioso e cultural que, en boa medida, está no cerne das acusacións verquidas contra China nos últimos meses a propósito da política aplicada no Tibet. As reflexións sobre Asia complétanse con outras dúas referencias importantes: unha sobre o convulso Paquistán e o seu difícil retorno á democracia, da man do noso analista **Roberto Mansilla Blanco**, e outra sobre Xapón (**Masashi Oki**), un país que tenta superar a confusión vivida durante o breve período de Shinzo Abe, redefinindo aspectos clave do seu futuro inmediato, tanto na orde interna como externa, aspectos que poden ter un alcance xeopolítico importante.

No que atinxe ao “noso” mundo, achegamos dous valiosos textos que reflicten sobre as vinculacións do sindicalismo nacionalista labrego (**Lidia Senra**) e obreiro (**Xexús Ramón González Boán**) coa presenza internacional, un eido ao que levan décadas prestando atención con destacados resultados. Trátase de dúas avaliacións inéditas no panorama galego e que, sen dúbida, servirán de punto de referencia para indagacións posteriores. Tamén se inclúe a abordaxe de dous temas transversais de diferente signo: o cumprimento dos acordos internacionais en materia ambiental (**Adela Figueroa Panisse**), e a riqueza e diversidade do patrimonio inmaterial galego-portugués (**Santiago Veloso Troncoso**) e a estratexia seguida para o seu recoñecemento pola UNESCO. Incluímos tamén unha avaliación do comercio exterior de Galicia en 2007 e as lecturas que suscita para incentivar e reforzar a presenza internacional do mundo empresarial galego (**Fernando Bruna**). Por último, **José Luís Quintela Julián** ofrécenos a súa valoración do momento da cooperación galega ao desenvolvemento, tema ao que volveremos nun próximo número con máis voces e visións.

Outros asuntos incluídos neste número abordan asuntos de actualidade como as dificultades do proceso boliviano (**Jesús González Pazos**), as reivindicacións do pobo mapuche (**Victor Naguil**) ou o papel das minorías na constitución nacional serbia no século XXI (**Jairo Dorado Cadilla**). Un conxunto, pois, no que se combinan a atención á cambiantes actualidade con outros temas de maior calado e proxección intemporal que agardamos contribúan a tecer ese pensamento exterior que Galicia precisa para estar no mundo, cunha sociedade atenta a ese acontecer universal que tamén é o seu.

O director.